

Procedemento: Selección de Persoal e Provisións de Postos. Técnico/a de Medio Ambiente. Concello de Outes.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR, DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN E VALORACIÓN DO NIVEL DE GALEGO.

Reunidos ás 10:00 horas, na Casa de Cultura do Concello de Outes, o 3 de maio ás 10:00h, constitúese o tribunal cualificador para valorar a fase de concurso relativa ao proceso de selección de persoal e provisións de postos: Técnico/a de Medio Ambiente ligado ao proxecto Renatur_Outes. Dito tribunal está formado polos seguintes membros:

Cargo	Identidade
Presidente	María Rodríguez Gregori
Vogal	Berta Buján Casanova.
Vogal	Sonia Sofía Pérez Figueira. Que se Incorpora ao procedemento nesta fase da selección, excusando a súa asistencia por causa sobrevida e xustificada, na anterior reunión do tribunal.
Vogal	Sonia Lago Segade
Secretario	Santiago S. Nieto Romarís
Persoal asesor	Irene Espasandín Bermúdez

O acto ten por finalidade levar a cabo o dito procedemento de selección, segundo a lista definitiva de aspirantes admitidos-as aprobada polo Decreto nº 2024-0201 de data 17/04/2024. Para o cal procédese a:

PRIMEIRO. Realizar e avaliar o exercicio da fase de oposición tal e como se sinala na base décima, apartado 10.2) da convocatoria., onde di *“Consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo dunha hora, dun cuestionario tipo test de 60 preguntas...”*

As/os aspirantes foron chamados individualmente para a realización do mesmo. Non se presentaron as/os aspirantes: Rodríguez Álvarez, Amiel Amado; Tarrío Pereiras, Iván; Losada Torres, María; Pérez Martínez, Ana Belén; Estévez García, Mara; Nieto Antelo, Claudia; Colmenero Gamallo, Nuria; París Arijón, Manuela; López Basanta, Vanesa; Villa Soutullo, Xosé Manuel.



As anteditas persoas quedan excluídas do proceso de selección ao non comparecer ao chamamento para a realización do exercicio relativo á fase de oposición.

Unha vez explicada, segundo as bases da convocatoria, a execución da proba, as persoas presentadas procederon á realización da mesma.

Atendendo ás respostas correctas das 60 preguntas do primeiro exercicio da fase de oposición e as seis de reserva (xúntanse como Anexos a esta Acta a proba presentada ás persoas aspirantes coa plantilla de respostas correctas).

Detectado un erro na pregunta nº 41 o tribunal acorda por unanimidade pasar a valorar a primeira pregunta das seis de reserva para a cualificación do primeiro exercicio. Así pois os resultados son os que a continuación se relacionan:

Identidade do Aspirante	Puntos Obtidos
Castro Hermida, Francisco Javier	17
González Penalta, Beatriz	18,5
Lestón Lago, María	15,5
Outeiral Miniño, Carlos	16,5
París Ruibal, Laura	16,5
Paz Ruído, Begoña	20,5
Piñeiro Castelo, Joana	27
Ruso Somoza, Patricia	17,5
Saborido Alonso, María José	22,5
Villasenín Iglesias, Rubén	20

SEGUNDO. Establécese un prazo de reclamación de tres días hábiles dende a data de publicación desta acta.

TERCEIRO. Proba de Galego. Tal e como rexen as bases, “...esta proba realizarana aquelas persoas aspirantes que superasen o exercicio da fase de oposición e que non acreditaran no prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento de galego requirido”. Analizada a documentación **todas as persoas arriba mencionadas superaron o exercicio de oposición e todas elas teñen**



acreditado o nivel de galego requirido, segundo o disposto na *base 4 (CELGA 4 ou equivalente)*.

A presidenta dá por rematada a reunión sendo ás 12:25 horas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



CUESTIONARIO TIPO TEST PROCESO SELECTIVO TÉCNICO/A DE MEDIO AMBIENTE

- **Nome** _____ e **apelidos:** _____

- **DNI:** _____

O cuestionario consta de **60 preguntas tipo test** e **6 de reserva** que teñen que ser contestadas para o suposto de impugnación dalgunha das 60 preguntas. Cada pregunta só ten unha resposta correcta.

- O tempo do que se dispón para a realización do cuestionario é de 60 minutos.
- Non se permite usar ningún tipo de dispositivo móbil durante a realización do cuestionario.
- As respostas incorrectas e as preguntas sen resposta (en branco) **NON penalizan**.
- cuestionario deberase cubrir marcando a opción de resposta que considere correcta. De haber varias respostas marcadas nunha mesma pregunta, considerarase errónea para todos os efectos.
- Se a persoa marca unha resposta e posteriormente altera a súa opción dentro de una mesma pregunta, deberá indicar de maneira inequívoca cal é a resposta correcta.

1

1.- Cal das seguintes formas non é un modo de terminación do procedemento administrativo común, segundo a Lei 39/2015?:

a) Prescrición

b) Renuncia

c) Resolución

2.- Segundo o artigo 20 da Lei de Bases de Réxime Local, existen en todos os concellos:

a) Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno

b) Alcalde, Tenentes de alcalde e Concelleiros

c) Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno

3.- O Catálogo galego de especies ameazadas, co fin de mellorar a situación das especies ameazadas presentes no noso territorio, contempla a elaboración dos seguintes Plans:



a) **Plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e Plans de conservación para as especies vulnerables**

b) Plans de recuperación para as especies en perigo de extinción, Plans de conservación para as especies vulnerables e Plans de adaptación para as especies que se atopen en fase de estudo

c) Plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e Plans de adaptación para as especies que se atopen en fase de estudo

4.- Segundo o Real Decreto 556/2011, do 20 de abril, para o desenvolvemento do Inventario Español do Patrimonio Natural e a Biodiversidade cal destes NON é un instrumento do devandito Inventario?

a) Compoñentes de valoración que se xestionarán nun sistema integrado de información

b) Indicadores que permitan analizar sinteticamente as súas principais características

c) **Mapa de evolución do Patrimonio Natural e da Biodiversidade**

5.- Que artigo do Título I da Constitución Española de 1978 recolle a regulación da suspensión dos dereitos e liberdades?

a) **O artigo 55**

b) O artigo 57

c) O artigo 51

6.- Segundo a Lei 7/2012 do 28 de xuño de Montes de Galicia: O instrumento de xestión forestal, de iniciativa privada para un conxunto de propietarios, onde ningunha superficie dunha mesma propiedade supere as 25 hectáreas en coto redondo, que debe incluír uns referentes de boas prácticas, unha planificación simple dos aproveitamentos dos recursos forestais, madeireiros e non madeireiros, e modelos silvícolas para os principais tipos de masa, de obrigado cumprimento, para os terreos forestais adscritos ao mesmo, fai referencia a:

a) **Documento compartido de xestión**

b) Planificación de ordenación

c) Documento simple de xestión

7.- Cal das seguintes é unha especie propia do río Tines:

a) ***Cinclus cinclus***

b) *Scabiosa cretica*



c) Ambas son correctas

8.- As competencias municipais clasifícanse segundo a Lei de Bases de Réxime Local (LBRL) en :

a) **Propias, as delegadas e distintas de propias ou impropias**

b) Son sempre as propias

c) As determinadas pola Lei Sectorial aplicable da Comunidade Autónoma

9.- Que título da lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia, se ocupa de determinar os principios e obxectivos da política forestal, de fixar conceptos básicos para efectos de salvagardar os dereitos dos cidadáns e de reforzar a transparencia na actuación das Administracións Públicas:

a) **Título preliminar**

b) Título I

c) Título II

10.- Que endemismo galego se pode atopar no río Tines?

a) *Vinca major*

b) ***Narcissus cyclamineus***

c) *Carpobrotus edulis*

11.- O silencio administrativo nos procedementos de impugnación de actos e disposición será:

a) **Desestimatorio**

b) Estimatorio

c) Estimatorio se o obxecto da impugnación é un acto administrativo

12.- Segundo a Lei de Contratos do Sector Público, considéranse contratos menores:

a) Os contratos de obras de valor estimado inferior a 40.000 euros e os de servizos ou subministracións con valor estimado inferior a 15.000 euros, IVE incluído

b) Os contratos de obras de valor estimado inferior a 50.000 euros e os de servizos ou subministracións con valor estimado inferior a 18.000 euros, IVE incluído

c) **Os contratos de obras de valor estimado inferior a 40.000 euros e os de servizos ou subministracións con valor estimado inferior a 15.000 euros**



13.- Que fentos se poden atopar no río Tines?

- a) **Osmunda regalis**
- b) *Crocsmia x crocosmiiflora*
- c) *Bidens aurea*

14.- Que son as illas de biodiversidade?

- a) Espazos onde se sementan ou plantan especies autóctonas que contribúen á restauración ecolóxica do medio natural
- b) Espazos que dan alimento e acubillo á fauna, potencian a flora autóctona, axudan a polinizadores, insectos e micromamíferos e reforzan as comunidades de aves
- c) **Ambas son correctas**

15.- Cal é o órgano competente para a aprobación do Orzamento Xeral dun Concello que non é gran poboación?

- a) O Alcalde
- b) A Xunta de Goberno
- c) **O Pleno**

16.- Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015, cando se entende rexeitada a notificación electrónica?

- a) **Pasados dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido**
- b) Pasados dez días hábiles desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido
- c) Pasados quince días naturais desde a súa posta a disposición sen que se acceda ao seu contido

17.- Que especies invasoras aparecen no río Tines?

- a) *Acacia dealbata*, *Eucalyptus globulus*, *Pelophylax perezii*, *Oxalis pes-caprae*
- b) ***Tradescantia fluminensis*, *Phytolacca americana*, *Acacia melanoxylon***
- c) *Bidens aurea*, *Parthenocissus quinquefolia*, *Viola riviniana*

18.- Que afecta á conectividade fluvial?

- a) Os surfactantes na auga



b) **As represas**

c) O descenso da biodiversidade

19.- En que parroquia de Outes se encontra a pedra Serpal?

a) **Cando (San Tirso)**

b) Roo (San Xoán)

c) Entíns (Santa María)

20.- O Estatuto de Autonomía de Galicia estrutúrase en:

a) **Sete Títulos numerados, dúas disposicións adicionais e nove disposicións transitorias**

b) Un Título Preliminar, cinco Títulos numerados, catro disposicións adicionais e sete disposicións transitorias

c) Un Título Preliminar, sete Títulos numerados, dúas disposicións adicionais, sete disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final

21.- De acordo co artigo 80.1 da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os informes serán:

a) Preceptivos e non vinculantes, salvo disposición expresa en contrario

b) **Facultativos e non vinculantes, salvo disposición expresa en contrario**

c) Preceptivos e non vinculantes, en todo caso

22.- Segundo o artigo 21.3 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal será o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo?

a) **Tres meses**

b) Un mes

c) Seis meses

23.- Segundo a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, “a autorización e o control das verteduras de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, así como da eventual reutilización dos efluentes, e, en xeral, as demais funcións que a lexislación lles atribúe aos organismos de conca”, é unha competencia que lle corresponde a:

a) O Consello da Xunta de Galicia



b) A consellería competente en materia de augas

c) **A entidade Augas de Galicia**

24.- Segundo o Real Decreto 556/2011, do 20 de abril, para o desenvolvemento do Inventario Español do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, o “Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras” estaría incluído en:

a) Compoñentes Prioritarios

b) **Compoñentes fundamentais**

c) En ningún dos anteriores

25.- Cal das seguintes afirmacións é incorrecta en relación coas Cortes Xerais segundo o art. 66 da Constitución?

a) O control da acción do Goberno e dos orzamentos do Estado son misións constitucionais das Cortes Xerais

b) Ás Cortes Xerais corresponde o exercicio da potestade legislativa do Estado

c) **As Cortes Xerais están formadas por tres Cámaras: o Congreso, o Senado e as propias Cortes Xerais**

26.- As zonas especiais de conservación (ZEC) son declaradas polos Estados membros conforme a:

a) **Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre (Directiva hábitats)**

b) Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres (Directiva aves)

c) As dúas anteriores son correctas

27.- Na lista de sitios Ramsar de Galicia podemos atopar:

a) Estuario do Tambre

b) A praia das Catedrais

c) **Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo**

28.- O número de membros do Congreso segundo a Constitución:

a) Poderá ser superior a 300 sen límite máximo

b) **Sempre será dun mínimo de 300 e un máximo de 400**



c) Deberá ser sempre inferior a 350 sen que exista límite mínimo

29.- Segundo o artigo 27 da Constitución, a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto:

- a) **Aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais**
- b) Aos principios democráticos de convivencia, tolerancia e integración
- c) Aos principios democráticos de convivencia e tolerancia

30.- Segundo o artigo 17 da Lei de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, relacionado coa solicitude de acceso á información pública, a persoa solicitante poderá expoñer os motivos polos que solicita a información. A ausencia de motivación:

- a) **A ausencia de motivación non será, por se soa, causa de rexeitamento da solicitude**
- b) Será causa de rexeitamento da solicitude cando non quede constancia do motivo da solicitude na documentación achegada
- c) Será causa de rexeitamento da solicitude, en todo caso

31.- De cantas parroquias se compón o concello de Outes?

- a) 11
- b) **10**
- c) 9

32.- A efectos do Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e créase o Inventario de humidais de Galicia, enténdese como humidal protexido:

- a) **As extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña en que a profundidade en marea baixa non exceda dos seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais e que sexan declarados como tales**
- b) As extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, exclusivamente as de réxime natural, permanentes, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña en que a profundidade en marea baixa non exceda dos seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais e que sexan declarados como tales



c) As extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, excluídas as extensións de auga mariña en que a profundidade en marea baixa non exceda dos seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais e que sexan declarados como tales

33.- Con respecto ao establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre a publicación, sinala a afirmación incorrecta:

a) **Os actos administrativos serán obxecto de publicación unicamente cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento**

b) Nos supostos de publicacións de actos que conteñan elementos comúns, poderán publicarse de forma conxunta os aspectos coincidentes, especificándose soamente os aspectos individuais de cada acto

c) A publicación dos actos realizarase no diario oficial que corresponda, segundo cal sexa a Administración da que proceda o acto para notificar

34.- O procedemento administrativo pode terminar:

a) **Por desistencia da Administración**

b) Pola recusación do órgano competente para resolver

c) Por anulación

35.- Estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas:

a) En todo caso, para a realización de calquera trámite dun procedemento, as persoas físicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións

b) **En todo caso, para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, as entidades sen personalidade xurídica**

c) A lei establece o dereito, pero non a obrigación, de relacionarse electronicamente coas Administracións públicas

36.- Segundo o artigo 9.-Categorías de espazos naturais protexidos, da lei 9/2001, do 21 de agosto, da conservación da natureza, en función dos bens e valores que hai que protexer, os espazos naturais protexidos regulados nesta lei clasifícanse nas seguintes categorías:

a) Reserva natural, Parque nacional, Parque natural, Monumento natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dos valores naturais. Espazo natural de interese nacional



b) Reserva natural, Parque nacional, Parque natural, Monumento natural, Humidal protexido, Monumento protexido, Zona de especial protección dos valores naturais. Espazo natural de interese local, Espazo público de interese natural

c) Reserva natural, Parque nacional, Parque natural, Monumento natural, Humidal protexido, Paisaxe protexida, Zona de especial protección dos valores naturais, Espazo natural de interese local, Espazo privado de interese natural.

37.- Cal das seguintes non é unha parroquia do concello de de Outes?

a) Freixo

b) Tarás (San Xián)

c) Valadares (San Miguel)

38.- Segundo o CAPÍTULO I Dos bens que o integran, do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, constitúen o dominio público hidráulico do Estado:

a) As augas continentais, tanto as superficiais como as subterráneas renovables con independencia do tempo de renovación e as canles de correntes naturais, continuas ou descontinuas

b) Os leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en canles públicas; os acuíferos, para os efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos e as augas procedentes da acción de desalgar a auga de mar

c) As dúas respostas anteriores son correctas

39.- En canto ao establecido no artigo 95 da Sección 4ª da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sobre a caducidade, Indique cal destas afirmacións é correcta:

a) Poderá acordarse a caducidade pola simple inactividade do interesado na acción de cumprir trámites, aínda que estes non sexan indispensables para ditar resolución

b) A caducidade non producirá por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición

c) Non se aplicará a caducidade aos procedementos de responsabilidade patrimonial

40.- Segundo o artigo 16 da Lei 40/2015, os órganos colexiados das distintas administracións públicas:

a) Terán un Secretario que poderá ser un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente

b) Terán un Secretario que será un membro do propio órgano en todo caso



c) Poderán ter Secretarios pertencentes ao propio órgano ou, na súa falta, unha persoa ao servizo da Administración Pública correspondente

41.- Segundo o artigo 167 da Constitución, unha vez aprobada unha reforma ordinaria da Constitución polas Cortes Xerais, será sometida a referendo para a súa ratificación cando así o soliciten unha décima parte dos membros de calquera das Cámaras:

a) Dentro dos quince días seguintes á súa aprobación

b) Dentro dos trinta días seguintes á súa aprobación

ANULADA

c) Dentro dos quince días seguintes á súa aprobación

42.- Son formas de adquirir o dereito ao uso privativo do dominio público hidráulico:

a) **O dereito ao uso privativo, sexa ou non consuntivo, do dominio público hidráulico adquirese por disposición legal ou por concesión administrativa**

b) Poderá adquirirse por prescrición o dereito ao uso privativo do dominio público hidráulico

c) O dereito ao uso privativo, sexa ou non consuntivo, do dominio público hidráulico adquirese exclusivamente por disposición legal

43.- De acordo con o disposto no artigo 4 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia e no Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, a quen lle corresponde o outorgamento das autorizacións de vertedura dentro da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa?

a) **A Augas de Galicia**

b) O Consello da Xunta de Galicia

b) A Consellería de Medio Ambiente

44.- Os Estatutos de Autonomía foron aprobados por:

a) Unha Lei Ordinaria

b) Un Real Decreto

c) **Unha Lei Orgánica**

45.- As enfermidades das árbores por causas abióticas son:

a) Aquelas que dependen de organismos vivos tales como virus, bacterias, fungos e fanerógamas parasitas



b) Aquelas enfermidades producidas pola falta ou exceso de auga, as motivadas polo frío e a calor, as motivadas pola falta ou exceso de certos sales no chan, as orixinadas polas substancias tóxicas da atmosfera e as que deben ser atribuídas aos danos atmosféricos e mecánicos

c) Tanto aquelas enfermidades producidas pola falta ou exceso de auga, as motivadas polo frío e a calor, as motivadas pola falta ou exceso de certos sales no chan, as orixinadas polas substancias tóxicas da atmosfera e as que deben ser atribuídas aos danos atmosféricos e mecánicos como aquelas que dependen de organismos vivos tales como virus, bacterias, fungos e fanerógamas parasitas

46.- O Diámetro normal (dn), Perímetro ou circunferencia normal (cn), as Clases diamétricas (CD), a Contaxe; Diámetro medio aritmético (d), entre outros, coñécense como:

a) Parámetros diamétricos

b) Parámetros dasométricos

c) Parámetros aritméticos

47.- O pH pode variar desde 0 a 14 e de acordo con esta escala os chans que teñen un pH superior a 7,5 son:

a) Chans acedos

b) Chans básicos

c) Chans neutros

48.- Cal dos seguintes tipos de contratos está excluído do ámbito da Lei de Contratos do Sector Público?

a) Contrato de concesión de obras públicas

b) Contrato relativo a servizos de arbitraje e conciliación

c) Contrato de servizos

49.- Segundo o artigo 7 da Lei 1/1995, de Protección Ambiental de Galicia:

a) Quedan sometidos a avaliación de impacto ambiental os proxectos, obras e actividades que se inclúen exclusivamente na lexislación básica estatal

b) Quedan sometidos a avaliación de impacto ambiental os proxectos, obras e actividades que se inclúen só na normativa comunitaria

c) Quedan sometidos a avaliación de impacto ambiental os proxectos, obras e actividades que se inclúen na normativa comunitaria, a lexislación básica estatal e a de ámbito autonómico



50.- **A escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus subesp lusitanica*) encádrase en:**

- a) Especie extinta en Galicia
- b) **Autóctona de Galicia**
- c) Fauna vulnerable de Galicia

51.- **Cal é o decreto que modifica o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas?**

- a) **Decreto 167/2011, do 4 de agosto**
- b) Decreto 127/2016, de 9 de xullo
- c) Decreto 125/2015, de 10 de agosto

52.- **Cal das seguintes non é unha coordenada rectangular?**

- a) UTM (Universal Transverse Mercator)
- b) **UES (Universal Earth Stereographic)**
- c) Lambert

53.- **As ordenanzas son o resultado da potestade:**

- a) Punitiva
- b) Lexislativa
- c) **Reglamentaria**

54.- **Segundo o Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas; *Alyssumloiseleurii* P.Forum, está catalogada como:**

- a) En perigo de extinción
- b) **Vulnerable**
- c) Sensibles á alteración do seu hábitat

55.- **Segundo o Decreto que regula o catálogo galego de especies ameazadas (CGEA), a Consellería competente en materia de conservación da natureza pode:**

- a) Autorizar a disecar, herborización ou calquera outra clase de conservación das especies catalogadas, coa única finalidade da súa exposición no caso de extinción



b) Autorizar excepcionalmente a disecar, herborización ou calquera outra clase de conservación das especies catalogadas, con fins científicos ou educativos

c) Ambas respostas son falsas

56.- Un Sistema de Información Xeográfica (SIG):

a) É un software deseñado especificamente para a adquisición, mantemento e uso de datos cartográficos

b) É un conxunto de software e hardware deseñado especificamente para a adquisición, mantemento e uso de datos cartográficos

c) É un hardware deseñado especificamente para a adquisición, mantemento e uso de datos cartográficos

57.- Defínese a escala dun mapa como:

a) O cociente entre a distancia entre dous puntos no mapa, dividida pola distancia reducida de entre os dous puntos correspondentes da superficie terrestre

b) O cociente entre a distancia reducida de entre os dous puntos correspondentes da superficie terrestre, dividida pola distancia entre dous puntos no mapa

c) A distancia entre dous puntos calculada sobre o plano de referencia das alturas e sen ter en conta estas

13

58.- Para representar un punto na Terra cantos tipos de coordenadas se poden usar e cales son:

a) Dous, as coordenadas angulares (que usan os graos, minutos e segundos como medidas de referencia) e as coordenadas rectangulares (que usan o metro e o sistema decimal)

b) Un, as coordenadas angulares (que usan os graos, minutos e segundos como medidas de referencia)

c) Un, as coordenadas rectangulares (que usan o metro e o sistema decimal)

59.- O BARRENILLO (*Tomicus piniperda*) é:

a) Unha praga en frondosas

b) Unha enfermidade en coníferas

c) Unha praga en coníferas

60.- Segundo o RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), son empregados públicos:



- a) Quen desempeña funcións retribuídas nas Administracións Públicas ou Privadas ao servizo dos intereses xerais
- b) Quen desempeña funcións retribuídas ou non nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses públicos
- c) **Quen desempeña funcións retribuídas nas Administracións Públicas ao servizo dos intereses públicos**

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- No título III da Lei 7/2012, do 28 de xuño de Montes de Galicia, no artigo 71 di que:

- a) **Son instrumentos de planificación forestal da Comunidade Autónoma de Galicia o Plan forestal de Galicia e os plans de ordenación dos recursos forestais**
- b) Os montes, por razón da súa titularidade, poden ser públicos ou privados
- c) A consellería competente nas materias obxecto desta Lei terá as atribucións que esta e a normativa que a desenvolve lle outorguen, así como as establecidas no resto do ordeamento xurídico vixente. En todo caso, será a competente para propoñer ao Consello da Xunta a política forestal e a regulación da actividade forestal na Comunidade Autónoma de Galicia

2.- As Ordenanzas estarán sometidas a información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións polo prazo:

- a) Mínimo de vinte días
- b) **Mínimo de trinta días**
- c) Máximo de vinte días

3.- Que directiva esixe aos Estados membros da Unión Europea velar pola conservación da Rede Natura 2000, dos espazos que a conforman e dos tipos de hábitat e as especies de interese comunitario polas cales eses espazos foron designados?

- a) A Directiva Aves
- b) **A Directiva Hábitats**
- c) Ambas respostas son incorrectas

4.- Segundo a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, serán sometidos a avaliación de efectos ambientais:

- a) **Todos os proxectos, obras e actividades que se relacionen na lexislación sectorial e nas súas normas de desenvolvemento.**



b) Os proxectos, as obras e as actividades que se inclúen na normativa comunitaria, na lexislación básica estatal e na do ámbito autonómico

c) Todas as actividades que figuren no nomenclátor que respecto diso se aprobe por Decreto da Xunta de Galicia, así como aquelas que, non estando incluídas no, merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas ou perigosas

5.- Segundo a Lei 7/2012, do 28 de xuño de Montes de Galicia, non teñen a consideración de monte ou terreo forestal:

a) As construcións e infraestruturas destinadas aoservizo de monte no que se emprazan, así como os equipamentos e infraestruturas de uso sociorrecreativo

b) Os terreos de antigo uso agrícola e con polo menos dez anos continuados de abandono, sempre que adquirisen sinais inequívocos do seu carácter forestal, cando formen superficies continuas de polo menos cinco hectáreas, salvo que se tratase de terreos que estean incluídos con ese fin nun banco de terras ou instrumento semellante

c) **Os terreos de dominio público, salvo os que integran o dominio público forestal**

6.- Sinala cales teñen que ser os principios técnicos do Portal de Transparencia segundo a Lei19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno:

a) Publicidade, transparencia e seguridade

b) Accesibilidade, transparencia e seguridade

c) **Accesibilidade, interoperabilidade e re-utilización**

Asinado: _____



PLANTILLA DE RESPONSTAS EXAME TÉCNICO/A MEDIO AMBIENTE

1: a	24: b	47: b
2: c	25: c	48: b
3: a	26: a	49: c
4: c	27: c	50: b
5: a	28: b	51: a
6: a	29: a	52: b
7: a	30: a	53: c
8: a	31: b	54: b
9: a	32: a	55: b
10: b	33: a	56: b
11: a	34: a	57: a
12: c	35: b	58: a
13: a	36: c	59: c
14: c	37: a	60: c
15: c	38: c	<u>RESERVA</u>
16: a	39: b	1: a
17: b	40: a	2: b
18: b	41: ANULADA	3: b
19: a	42: a	4: a
20: a	43: a	5: c
21: b	44: c	6: c
22: a	45: b	
23: c	46: b	

